

Curso de iniciación á lingua galega

Nivel 0

Os cursos *Iniciación á lingua galega* están dirixidos a persoas con escasos coñecementos do idioma, que procuran formación para se iniciar na lingua galega e acadar unha competencia básica no uso do galego estándar.

O obxectivo primordial é familiarizarse coa lingua galega dun modo práctico e dinámico, dotando o alumnado dos recursos necesarios para desenvolver as habilidades lingüísticas básicas (escoitar, falar, ler e escribir), que lle permitan satisfacer as súas necesidades de comunicación máis primarias.

Mediante a exposición directa na aula a un uso vivo do idioma, fomentaremos a participación activa do alumnado, concentrarémonos nas dificultades da aprendizaxe, para resolver as dúbidas coas que acotío se enfrontan as e os usuarios do galego.

Iniciación á lingua galega. Nivel 0

Dirixido a quen non teña coñecementos de galego ou sexan mínimos.

Duración: 42 horas (40 presenciais).

Datas: luns e mércores, 4,6,11,13,18,20,25 e 27 de outubro; 3,8,10,15,17 e 22 de novembro.

Horario: de 11:00 a 14:00. Os días 17 e 22 de novembro de 12:00 a 14:00

Lugar: Auditorio Mar de Vigo, 5ª planta, aula núm. 8

Inscripción: Na páxina web da concellaría (snl.vigo.org), cubrindo o formulario [inscrición](#). No asunto hai que pór: *nivel básico 0*.

Prazo de inscrición: dende o 21 de setembro até o 1 de outubro.

Para unha información máis detallada, pode consultar a web da CNL.